

# Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de xuño do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 7 de xuño de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 23 de maio de 2017.
- 2º.- Comunicacions previas (obra menor).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Prezo público pola asistencia aos obradoiros de introdución ao método Montessori.
- 5º.- Modificación de licenza de obra maior.
- 6º.- Licenzas de segregación.

## **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 23 DE MAIO DE 2017.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 23 de maio de 2017.

## **SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA TERESA VILARIÑO PICOS, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 10, Os Ánxeles, na que comunica que vai cambiar a situación dun contador de auga existente na beirarrúa e colocalo no lateral do muro da vivenda da Avd. Vicente Ramos 10, Os Ánxeles, levantando aproximadamente un metro de baldosas da beirarrúa e repoñéndoas.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL DOSIL SABUGUEIRO, con domicilio en Busto de Frades 6, Cornanda, na que comunica que vai construír un galpón de 48 m<sup>2</sup>, con bloques de formigón, recebado e pintado, e con uralita vermella na cuberta, separado 3 metros dos lindeiros e da edificación principal. O galpón quedará aberto polo vento norte e situarase sobre a parcela con referencia catastral 6133205NH1463S0001FG, en Busto de Frades, Cornanda.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que en base ao artigo 3.2.1.3.4º do PXOM a cubrición sexa de tella de barro cocido.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

## **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMON NIETO MONTERO, con domicilio en Vidalloiso 10, Bastavales, na que solicita licenza para reparar a cuberta da vivenda, do alpendre e do hórreo, de Vidalloiso 10, Bastavales, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o seu volume, nunha superficie de 230 m<sup>2</sup>.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 23 de marzo de 2017 (expediente 584/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA JOSE SANCHEZ PEREIRA, con domicilio en Gronzo 9, Brión, na que solicita licenza para construír un caseto de 3 m<sup>2</sup> de superficie e 1,40 m de alto, para albergar a instalación de reparto de auga de varias propiedades, pegado ao garaxe existente, en Gronzo 9, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 30 de maio de 2017 (expediente 858/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O caseto situarase mínimo a 7 metros do eixo do vial.

- A construción de ladrillo quedará enfuscada e pintada e o material de cubrición será tella, se a cuberta fose inclinada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por ANTONIO CASALDOEIRO ABEIJON, con domicilio en A Graña 29, Cornanda, na que solicita licenza para reparar a cuberta dun galpón, substituíndo as tellas deterioradas por outras novas, nunha superficie de 20 m<sup>2</sup>, en Busto de Frades, Cornanda.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 30 de maio de 2017 (expediente 857/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por RAFAEL CARBALLED O ALONSO, con domicilio en Lamiño 20, Brión, na que solicita licenza para construír un peche de parcela de 20 metros de lonxitude, con base de formigón, enfuscado e pintado de cor verde e arame por encima, en Lamiño 20, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado como solo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 30 de maio de 2017 (expediente 859/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima con material opaco, bloques de formigón, non será maior de 1,20 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

- O peche quedará enfuscado e pintado en cor branco.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA AOS OBRADOIROS DE INTRODUCCIÓN AO MÉTODO MONTESSORI.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 01.06.2017 de prezo público para a asistencia aos obradoiros de introdución ao método Montessori.

Vistos o informe técnico do 01.06.2017 e o informe de intervención do 01.06.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia aos obradoiros de introdución ao método Montessori, de acordo coa seguinte tarifa:

- . Prezo alumno/obradoiro.....10,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JAVIER PAIS RODRIGUEZ, con domicilio en Chacín 7, Mazaricos, na que solicita modificación da licenza concedida en Xunta de Goberno Local o 29/12/2015, para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 34, Bastavales, que consiste na ampliación da superficie de cesión de 43,21 m<sup>2</sup> a 116,00 m<sup>2</sup>, segundo plano de emprazamento presentado no Concello o 29/05/2017 (r.e.2311), asinado pola arquitecta autora do proxecto de execución da obra Rosa M. Facal Varela.

Esta ampliación é debida a que no documento administrativo de cesión e no plano de emprazamento foi mal grafada a parcela de superficie bruta de 981 m<sup>2</sup>, correspondéndose realmente coa parcela neta do plano de segregación, polo que foi asinada unha cesión de 43,21 m<sup>2</sup>, inferior á recollida no proxecto de segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade modificar a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 29/12/2015, no senso de aceptar unha cesión de 116 m<sup>2</sup> para ampliación de vias en lugar dos 43,21 m<sup>2</sup> que figuraban anteriormente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SEXTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARIA JUNCAL GUERRA, con domicilio en Vilachán de Abaixo 16, Negreira, na que solicita licenza de segregación da finca con referencia catastral 6530102NH2463S0001TR, situada en Guisande, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, con data 06/04/2017, nº de visado 13640, e documentación complementaria presentada no concello o 23/05/2017 (r.e. 2274).

Descrición da parcela matriz:

Referencia catastral: 6530102NH2463S0001TR

Superficie catastral: 3.973 m<sup>2</sup>.

Superficie rexistral: 4.232 m<sup>2</sup>.

Superficie segundo medición recente: 4.297 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: parte en solo de núcleo rural NRL-1 (3.780 m<sup>2</sup>) e parte en solo rústico de protección agropecuaria (517 m<sup>2</sup>).

Lindes:

Norte: camiño de carro e terreo e casa e horta de María Beade Cabo.

Sur: porción restante de finca matriz, camiño de carro e terreo de Carmen Casal.

Leste: fincas de concentración parcelaria de Santa María dos Ánxeles, en plano máis baixo.

Oeste: porción restante de finca matriz.

Segregación pretendida:

#### **Parcela 1**

Superficie: 1.803 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-1.

Superficie de cesión: non é necesaria porque non linda no seu fronte con camiño, só no acceso.

Lindes:

Norte: camiño de carro, casa e horta de María Beade Cabo.

Sur: parcela 2 desta segregación e terreo de Dorinda Juncal Guerra.

Leste: fincas de concentración parcelaria de Santa María dos Ánxeles, en plano máis baixo.

Oeste: terreo de Dorinda Juncal Guerra.

Sobre esta parcela existe unha edificación de planta baixa e planta alta en estado ruinoso, que ocupa 140 m<sup>2</sup> de superficie por planta, adosado ao leste ten un almacén de planta baixa de 18 m<sup>2</sup>, adosado ao oeste ten un almacén de planta baixa de 47 m<sup>2</sup> e outro de planta baixa e planta alta de 68 m<sup>2</sup> e un hórreo de cantería de 9 m<sup>2</sup>.

### **Parcela 2**

Superficie: 1.977 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-1.

Superficie de cesión (a 4 metros do eixo do camiño): 12 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: resto da finca matriz.

Sur: parcela 3 desta segregación.

Leste: fincas de concentración parcelaria de Santa María dos Ánxeles, en plano máis baixo.

Oeste: Dorinda Juncal Guerra e camiño.

### **Parcela 3**

Superficie: 517 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo rústico de protección agropecuaria.

Lindes:

Norte: parcela 2 desta segregación.

Sur: Carmen Casal.

Leste: fincas de concentración parcelaria de Santa María dos Ánxeles, en plano máis baixo.

Oeste: camiño.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando á interesada, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Marcos García Vázquez, que di actuar en representación de ANA MARIA GESTO POMBO, con domicilio en Quintáns 17, Brión, na que solicita licenza de segregación da parcela 1.049 do lugar de Quintáns, San Félix de Brión, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), con data 06/06/2017 ( expediente núm. 20170360 ).

Descrición da parcela matriz:

Parcela nº 1049

Referencias catastrais: 5865501NH2456N e 5865502NH2456S

Superficie catastral: 3.935 m<sup>2</sup>

Superficie rexistral: 3.742,39 m<sup>2</sup>

Superficie segundo medición recente: 3.742 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: Mercedes Moure Rodríguez (197) e Carmen Queiro Míguez e outros (198).

Leste: finca segregada ou rexistral 20804.

Oeste: Ramón Vázquez Casal (194), regato en medio.

Sobre esta parcela existe unha vivenda unifamiliar de 351,82 m<sup>2</sup> construídos, composta de planta baixa de 265,45 m<sup>2</sup>, dos cales 193,60 m<sup>2</sup> están destinados a vivenda, 46,35 m<sup>2</sup> a garaxe e 25,50 m<sup>2</sup> a dous porches, e planta baixo cuberta destinada a desván de 86,37 m<sup>2</sup>.

Segregación pretendida:

**Subparcela A:**

Superficie bruta: 1.737 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión (a 5,50 m. do eixo do camiño): 37 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 1.700 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Norte: subparcela B desta segregación e estrada.

Sur: Mercedes Moure Rodríguez (197) e Carmen Queiro Míguez e outros 198).

Leste: estrada.

Oeste: Ramón Vázquez Casal (194), regato en medio.

Sobre esta parcela existe unha vivenda unifamiliar de 351,82 m<sup>2</sup> construídos, composta de planta baixa de 265,45 m<sup>2</sup>, dos cales 193,60 m<sup>2</sup> están destinados a vivenda, 46,35 m<sup>2</sup> a garaxe e 25,50 m<sup>2</sup> a dous porches, e planta baixo cuberta destinada a desván de 86,37 m<sup>2</sup>.

**Subparcela B:**

Superficie bruta: 2.005 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión (a 5,50 m. do eixo do camiño): 36 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 1.969 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Norte: zona excluída.

Sur: subparcela A desta segregación.

Leste: estrada.

Oeste: Ramón Vázquez Casal (194), regato en medio.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando á interesada, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González